

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
(Expte. 699/2024)

DONA PAULA MARÍA FERNÁNDEZ PENA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (Pontevedra) en virtude das facultades que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Á vista da proposta do Tribunal encargado de xulga-lo proceso de selección de DOUS TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO **“ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2024”**, de data 05 de xuño de 2024, e unha vez examinada a documentación obrante no expediente,

RESOLVO:

Primeiro: Seleccionar como persoal laboral temporal para a realización da obra ou servizo denominado **“ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2024”** por alcanzar a maior puntuación a:

SELECCIONADOS	PUNTUACIÓN
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ CARMEN	1,6
FUENTES RUIZ MIGUEL	1,3

Segundo: Nomear como reservas para este posto a:

RESERVAS	PUNTUACIÓN
VILLAR MOURE SANDRA	0,9

Terceiro: Antes das 12,00 h do día 07 de xuño de 2024, e conforme o sinalado na cláusula décima, as persoas seleccionadas deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das función públicas.
- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.
- Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- Certificación bancaria do número de conta corrente, para realizar o ingreso da nómina.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

Cuarto: As persoas que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderá ser nomeadas e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen perxuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

Quinto: Comunicar a presente resolución ó Departamento de Recursos Humanos do Concello de Silleda e ó Pleno corporativo na vindeira sesión que se celebre.

En Silleda, na data da sinatura electrónica



A ALCALDESA
Asdo. Paula M.^a Fernández Pena

A SECRETARIA
Asdo. Déborah García Suárez

